

Hai cinco anos, nun día feliz, as escritoras e os escritores galegos chantamos a pedra do escritor en Castro de Ribeiras de Lea, ao querido escritor Xabier Ponte DoCampo, ao admirado amigo. Chantamos a pedra da memoria e convocamos a todos e todas os que coas súas maos e o seu sagrado soñar fundaron esta terra e tallaron a pedra severa coa representación dos seus pensamentos.

Convocámonos hoxe para que esta cidade teña memoria do lugar que acolleu o seu soñar, desde onde el escribía as cartas de amor ao noso idioma para que este tivese alento e creara na fértil palabra un futuro que sempre comeza. Onte insculpimos na pedra o seu pensamento poético coma canteiros do románico e hoxe esculpimos no bronce os camiños que andou do labirinto humano que todo escritor ten que andar en soidade creadora, mais que precisa de arroupar en cálido abrazo cos seus seres queridos, os seus amigos, con todos os que con el viviron estas rúas, esta praza, este portal, con todos os que con el habitaron os días e hoxe gardan memoria del e da súa obra. Dende ese alto amor á memoria de Xabier e á súa obra colocamos hoxe esta placa no lugar onde el viviu coa súa familia, este lugar do cotián no que naceron, no que viron a luz os libros, a súa obra de escritor, mentres a vida de veciños e xentes transcorría no seu día a día nos seus traballos, nos seus faceres de a diario.

El foi creando un territorio que antes nacera baixo os ceos da Terra Cha. Por este lugar seguiron a tecer as súas caligrafías os regatos da chaira e mundos novos que a súa fértil mao creou.

Saiban que mentres a vida pasaba por estas rúas el seguía a soñar para que o noso idioma permanecese, sementaba realidade soñada para que o froito fose colleita abundosa para a nosa literatura. Os libros que eran fértil relato nesta terra que abraza o Atlántico e dá os seus froitos.

Esta é a cidade do escritor que xa acolle os seus soños, que non sempre aparece como materia literaria máis que acolle os soños e o propio escritor e se fai prolongación da terra amada, de Castro Ribeiras de Lea que o abraza como a luz, memoria da antiga cos seus deuses de a diario; nesta cidade tamén terra amorosa e esa outra cidade que é a suma de fogares, de territorios íntimos nos que o escritor busca tamén o sosego do íntimo, acollido no lugar invulnerábel onde el pode denudar a súa alma, os soños invulnerábeis, só vulnerados pola palabra e polos outros soños dos seus personaxes. É un lugar no que o escritor denuda as roupas da efémera certeza.

El creou unha outra cidade íntima e viva onde escoitar o rumor do canto da terra sempre viva, unha cidade na que viven as amorosas obras dos que deron ao noso idioma a súa creación e os seus oficios, tamén o de escritor. Esa cidade do alén, de Luísa vVillalta, querida escritora, de Manuel María, de don Xenaro Mariñas del Valle,

convive coa cidade anónima ou secreta que vive tras das xanelas, a cidade que non vemos mais que é onde latexan os ciclos da vida e habitan os seus moradores.

Aquí a súa voz seguiu a ser firme e alta, sempre nova; aquí creou Xabier o país dos países que é lugar de acollida para quen se atope no medio da noite poida ter o pan e o leite que nos dá sempre o noso idioma, as voces dos ausentes ou dos que xa non están, mais están as súas amorosas sombras protectoras, viven con nós.

Pensade que esta placa que hoxe descubrimos é coma unha xanela ou coma unha porta pola que entrar ao seu nome e coñecermos a súa obra, invitación a coñecermos os seus mundos da mao deste breve texto poético que el fai, esta alfaia chea de fulgor literario:

*Sen dúbida, o acto máis sublime de amor
que coñezo é contar unha historia.*

Este breve texto, coa profundidade e a levedade do haikai, é a porta de entrada a esa cidade que existe cando as luces da cidade apagan e fican só aquelas que permiten seren as rúas transitadas. É o país, é a cidade, das historias que viven, que aniñan na nosa tradición oral e se proxectan no presente. Veñen quizais aquí os seus personaxes ao lugar onde naceron e parten despois para celebrar os soños de Xabier na pedra do escritor, na árbore que quixo ser, onde a vida ano a ano florece na cerdeira, nas pétalas que florecen e efémeras caen, menos as asas das bolboretas que, segundo o haikai, son pétalas que sempre retornan á árbore. Caen e lembran que somos o efémero que permanece, que somos a palabra inmaterial, os soños que transmitimos cando contamos no noso idioma, como el facía, ás xeracións futuras.

Esta xeografía humana da Coruña que está e non está na obra mais que forma parte dela como territorio que sempre é lugar de retorno cando o escritor volve das vidas interiores, cando regresa ao presente.

Na súa obra dános a terra coa súa memoria do presente, dános o tempo coa súa memoria do presente que soña o futuro. El é o noso soñador onde os nenos e maiores viven a aventura de ser e no que xace ese fondo que transmite de home xusto, ese íntimo alento ético. Onde os nenos se inician dentro dun país real de fantasía e realidade onde A illa do tesouro é o propio país, está terra nosa.

Xabier lévanos da mao para entrar coa súa escrita a moitos lugares tamén da conciencia para que non sexamos un país adormentado, para que non renunciemos a vivir a nosa propia historia e teñamos o dereito a escribila.

O animador da lectura –el grande lector–, o espectador de cinema, o escritor de relato, o grande narrador oral, o sempre xeneroso na amizade. El era un rapaz máis que entra no armario para acceder ao mundo da fantasía.

Tivo a inmensa fortuna, tivemos con el a fortuna, de chantar as súas raíces no humus da tradición oral, da que foi herdeiro do seu pai Raimundo, que fixo que atravesara o tempo sen hora e sen tempo para o facer facedor de historias, creador para cada un de nós, para que nos guíe nos tempos de néboa e os seus arrepíos.

Preocupado activamente polo noso idioma, laborioso, indignado cos que nos negan o noso idioma. Súa é unha fonda humanidade filla dunha profunda ética. Celebrámolo hoxe porque el, a súa obra sempre alimentou a nosa esperanza, porque somos como el nos soñou.

*Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Praza González Doposo, 1 – A Coruña
29 de maio de 2019*